

Fecha: 11/05/2010 Sección: VIVIR

Páginas: 8

ESTUDO Os galegos valoran máis a variedade de marcas e o 82% busca o aforro a través das ofertas

O SURTIDO, MELLOR QUE O PREZO PARA FACER A COMPRA

UN 40% BOTA EN FALTA ALGÚNS PRODUTOS DO FABRICANTE QUE ADOITABA MERCAR

Redacción · Santiago

¿Variedade, calidade ou prezo? ¿Que prefiren os galegos á hora de facer a compra? Segundo un estudo realizado por Sondea, os cidadáns valoran máis un amplo surtido de marcas que o seu importe á hora de encher o carro do supermercados, aínda que nestes tempos de crise o aforro manda: o 82% busca as ofertas.

A enquisa realizada a máis de 2.000 consumidores indica que a comodidade de poder comprar todo o que se precisa nun mesmo sitio e a variedade de lineais para poder elixir son os aspectos máis valorados polo 79% pero, non obstante, catro de cada dez aseguran que botaron en falta nos últimos meses algunha marca do fabricante das que compraba habitualmente.

Aínda que o factor do prezo é im-

portante para os galegos, a inmensa maioría dos entrevistados, un 93 por cento, afirma que cando se trata de encher a cesta da compra, tamén teñen en conta aspectos como a calidade, a confianza do produto e a innovación que proporciona, e só un 7% recoñece valorar unicamente o importe.

Ofertas como o 2x1, os descontos, os agasallos dun produto ó adquirir outro, unha maior cantidade gratis e outras iniciativas dos fabricantes son, para a maioría dos galegos, a mellor forma de aforrar no supermercado. E é que, cando se trata de non darlle renda solta á billeteira, un 82% dos consumidores opta polas ofertas realizadas po-

(III O DATO HIIIBHIII HIIII IIII IIII IIII

Os empresarios asócianse

Promarca, impulsora do informe, é unha asociación de empresas de fabricantes de marcas líderes de gran consumo e, desde hai 20 anos, buscan fomentar unha leal competencia que innove. los fabricantes, mentres un 31% por elixir os de menor prezo.

Xunto a eles, un 31% afirma tamén intentar gastar menos comprando produtos de temporada e un 20% mediante as fórmulas concentradas dalgunhas marcas.

Árriscar por algo novo normalmente fracasa

O informe revela ademais que, dos enquisados, nove de cada dez responderon de forma afirmativa ó preguntarlles se algunha vez adquiriran un produto para substituír unha marca habitual e o resultado non foi precisamente o que agardaban.

Ademais, o estudo correspondente ó 2010 '¿Como é a túa cesta da compra?' revela que, antes de comprar, o 61 por cento dos galegos comproba a súa orixe do mesmo e a súa composición. Elaborado por Sondea e promovido por Promarca, o informe defende a actividade das marcas, que supoñen aproximadamente o 7 por cento do Produto Interior Bruto Español (PIB) e constitúe un dos principais factores de crecemento da economía e da calidade de vida para o consumidor, ademais de impulsar o emprego. •